

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac3661598720500544053.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 14-2023 ARDE LUCUS AXENCIA
TURISMO ABANCA

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO
EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE
DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 14/2023). CONVENIO DE
COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, ABANCA
CORPORACIÓN BANCARIA SA E O EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA O
DESENVOLVEMENTO DA CELEBRACIÓN DO ARDE LUCUS 2023”.**

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 20.000,00 € en base ao Convenio de Colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia, Abanca Entidade Bancaria SL o Excmo. Concello de Lugo, así como o coeficiente de financiamento afectado, propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

-Proposta de 09.05.2023 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados:

PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO. Expediente de xeración de crédito nº 14/2023

- Visto convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e Abanca Corporación Bancaria SA para a celebración do Arde Lucus, coa finalidade de colaborar nas actividades do Arde Lucus 2023.

- Visto o coeficiente de financiamento afectado, propónse á iniciación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (dereitos recoñecidos e ingresos efectuados) según o seguinte teor:

- **Programa “Arde Lucus 2023”.**
 - Aportación: 20.000,00 €.
 - Observacións: Financiamento.
 - ✓ Xeración de crédito: 20.000,00 €.

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos das entidades mencionadas.-

Concepto	Código proxecto	Importe
45080	233380201	15.000,00 €
47000	233380201	5.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33802.22609	233380201	20.000,00 €

OBSERVACIÓN:

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac3661598720500544053.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 14-2023 ARDE LUCUS AXENCIA
TURISMO ABANCA

Nas previsións iniciais do Orzamento de Ingresos 2023, constan no concepto 45080 o importe de 25.000,00 en concepto de convenio Axencia de Turismo de Galicia Arde Lucus 2023, e no concepto 47000, o importe de 5.000,00 en concepto de convenio ABANCA Arde Lucus 2023, polo que a xeración de crédito deberá de tramitarse polos seguintes importes e conceptos:

Concepto	Importe
45080	15.000,00 €
47000	5.000,00 €

Arde Lucus 2023

- Aportación: 20.000,00€

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA Q1500394J: 15.000€

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. A70302039: 5.000,00€

Coefficientes de Financiamento Teórico o inicial:

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA Q1500394J: 15.000 € (5,18%)

ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. A70302039: 5.000,00 € (1,73%)

Total estimación de crédito CP Arde Lucus 233380201: 289.615,96 euros

Total crédito proposta de xeración CP Arde Lucus 233380201: 20.000,00 euros

En Lugo, a Excm. Sr. Presidenta Alcaldesa, dona Lara Méndez López

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe esquerda deste documento.

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2023/692 do 11.05.2023.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 14/2023), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos das entidades mencionadas.-

Concepto	Código proxecto	Importe
45080	233380201	15.000,00 €
47000	233380201	5.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac3661598720500544053.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 14-2023 ARDE LUCUS AXENCIA
TURISMO ABANCA

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33802.22609	233380201	20.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.